

## Carta aos lectores

**O** debate sobre a revisión do estatuto de autonomía de Galicia non fixo máis que comezar. Estará sobre a mesa na axenda política da próxima lexislatura. Desta vez, cómpre sinalar que a acción exterior, ao igual que nos programas electorais das diferentes formacións políticas para os comicios de xuño de 2005, non estará ausente das formulacións e propostas dirixidas á sociedade galega. E iso é un motivo de especial satisfacción para o Igadi que leva o seu tempo insistindo na importancia de atender ao factor exterior.

Na revisión dos estatutos dalgunhas autonomías e na propia reforma constitucional, o problema da articulación política do territorio situase no epicentro dos debates. Quixemos por iso achegarnos a outras realidades onde están presentes tamén similares problemáticas. E abordamos a especial relación de Porto Rico e Estados Unidos (Angel Israel Rivera), do Kurdistan (Manuel Martorell), Quebec (Stéphane Paquin) e tamén a problemática das minorías nacionais en China (Natalia Gómez Collado). A pesar de compartir escenarios comúns, todas as situacións sinaladas son ben diferentes, e dan idea da importancia do caso concreto e da necesidade de arbitrar solucións específicas, que poden evolucionar co tempo, pero que deben ter inescusablemente en conta a singularidade histórica de cada situación.

O segundo tema que se propón neste número é a reforma das Nacións Unidas, asunto que centrará as conmemoracións do seu sesenta aniversario. O texto introdutorio de Carlos Jiménez é acompañado dunha reflexión específica sobre unha variable neurálxica, a reforma do Consello de Seguridade (Rosa Riquelme), e apuntes de grande interese sobre o papel dos novos actores globais (Mónica Salomón), e a xestión da seguridade colectiva (Rafael García Pérez).

Da actualidade rescatamos algúns temas que nos parecen especialmente suxestivos. Un deles é o triunfo de Tabaré Vázquez en Uruguai (Hugo Cores), país onde a presenza galega é ben notoria e onde se concreta un paso máis desa mudanza continental en busca de novas formas de xustiza social que dean cabida ás renovadas esperanzas das maiorías cívicas. Nesa perspectiva, o futuro do Mercosur é unha das claves determinantes da integración continental (Eduardo Rivas). A Palestina sen Arafat (Roberto Mansilla), ou a influencia do fundamentalismo evanxélico na política exterior de EEUU (Jared D. Larson) son expresión da preocupación por dúas fontes de conflito, de matriz ben diferente, pero que a cotío reclaman a nosa atención. Por último, Georgina Higuera, que participou no IV Curso sobre Información e Relacións Internacionais organizado polo IGADI e a USC, reflexiona sobre a situación dos medios de comunicación en China.

Unha oferta temática, pois, moi variada, conducida por esa inquedaanza común que está no cerne da propia existencia do Igadi: acompañar os procesos mundiais, extraendo tamén deles aquelas ensinanzas que poden redundar na construción dunha Galicia mellor e mais adaptada ao devir universal.

O director: